

## **PROBAS SELECTIVAS, MESTRES MÓDULOS FORMATIVOS ESPECIALIDADES PROGRAMACIÓN AFD, EXERCICIO 2017-2018**

### **CONVOCATORIA**

Convócase proceso selectivo, para a provisión, polo sistema de concurso-oposición, dos postos de traballo de mestras/es (persoal laboral temporal) necesarios para impartir os módulos formativos das especialidades da programación AFD, exercicio 2017-2018, solicitados ao abeiro da *ORDE do 7 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de acción formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas n a Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente aos exercicios de 2017 e 2018 (DOG Núm. 59 Venres, 24 de marzo de 2017)*, de acordo co seguinte detalle:

Especialidade formativa IFCT0109: SEGURIDADE INFORMÁTICA (RD 686 / 2011, de 13 de maio modificado polo RD 628/2013, de 2 de agosto).

### **BASES DA CONVOCATORIA**

#### **Primeira. Obxecto e características**

1.1.- Mediante as presentes bases regúlase o proceso de selección de persoal docente para impartir a Especialidade formativa AFD 2017-2018 IFCT0109: SEGURIDADE INFORMÁTICA (RD 686 / 2011, de 13 de maio modificado polo RD 628/2013, de 2 de agosto) segundo o certificado de profesionalidade así como os módulos transversais segundo resolución da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

1.2.-O sistema selectivo será o de concurso-oposición.

Os postos convocados son os seguintes:

1 docente para impartir o módulo MF0486\_3: Seguridade en equipos informáticos (90 h.)

1 docente para impartir o módulo MF0487\_3: Auditoría de seguridade informática (90 h.)

1 docente para impartir o módulo MF0488\_3: Xestión de incidentes de seguridade informática (90 h.)

1 docente para impartir o módulo MF0489\_3: Sistemas seguros de acceso e transmisión de datos (60 h.)

1 docente para impartir o MF0490\_3: Xestión de servizos no sistema informático (90 h.)

1 docente para impartir o módulo MP0175: Módulo de prácticas profesionais non laborais (80 h.)

1 docente para impartir o módulo FCO003: Inserción Laboral, Sensibilización Medioambiental e na Igualdade de Xénero (10 h)

1 docente para impartir o módulo FCOXXX05: Formación para a igualdade (8 h)

As persoas contratadas prestarán os seus servizos mediante contrato de traballo temporal para obra ou servizo determinado.

Os contratos realizaranse sucesivamente e non coincidirán no tempo, polo que unha mesma persoa pode optar a todos os postos que desexe, sempre e cando cumpra os requisitos de cada un deles.

A selección efectuarase mediante concurso oposición.

**A contratación das persoas seleccionadas estará supeditada á validación dos mesmos por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria.**

O persoal realizará as seguintes funcións:

- Programar os contidos da especialidade segundo as esixencias da Consellería de Economía, Emprego e Industria.
- Impartir os módulos aplicando a metodoloxía axeitada segundo as esixencias da Consellería de Economía, Emprego e Industria.
- Avaliar a aprendizaxe do alumnado segundo as esixencias da Consellería de Economía, Emprego e Industria.
- Desenvolver tanto a materia a impartir como os contidos e materiais facilitados á entidade e aos alumnos en lingua galega, segundo as esixencias da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

### **Segunda.- Publicidade**

O proceso selectivo efectuarase mediante a publicación do anuncio nun xornal de ámbito autonómico. A convocatoria e o texto íntegro das bases publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web da Fundación Cultural da Estrada ([www.fundacioncultural.aestrada.com/](http://www.fundacioncultural.aestrada.com/)).

### **Terceira.- Requisitos dos candidatos**

Para ser admitidos no proceso selectivo, as persoas aspirantes terán que reunir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse ata o momento do nomeamento, os seguintes requisitos:

#### **3.1.- Nacionalidade**

- a) Ser español.
- b) Ser nacional dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado ao que en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- c) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais Estados Membros da Unión Europea, e, cando así o prevexa o correspondente Tratado, o dos nacionais dalgún Estado ao que en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europa e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que viva a súas expensas.
- d) Así mesmo poderán participar os que non estando incluídos nos parágrafos anteriores se encontren en España en situación de legalidade, sendo titulares dun documento que lles habilite a residir e a poder acceder sen limitacións ao mercado laboral. En consecuencia, poderán participar os que se encontren en situación de residencia permanente, os que se encontren en situación de autorización para residir e traballar, así como os refuxiados.

#### **3.2.- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.**

3.3.- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñan no caso do persoal laboral. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

3.4.- Estar en posesión do certificado do Celga 4 ou equivalente.

3.5.- Capacidade profesional: Acreditar o cumprimento dos requisitos que se especifican para cada un dos módulos formativo da especialidade:

IFCT0109: SEGURIDADE INFORMÁTICA (RD 686 / 2011, de 13 de maio modificado polo RD 628/2013, de 2 de agosto)

Requisitos esixidos para o docente no RD RD 686 / 2011, de 13 de maio modificado polo RD 628/2013, de 2 de agosto.

No Artigo 5. Formadores indícase:

1. As prescricións sobre formación e experiencia profesional para a impartición dos certificados de profesionalidade son as recollidas no apartado IV de cada certificado de profesionalidade e débense cumprir tanto na modalidade presencial como a distancia.

2. De acordo co establecido no artigo 13.3 do Real Decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, poderán ser contratados como expertos para impartir determinados módulos formativos que se especifican no apartado IV de cada un dos anexos dos certificados de profesionalidade, os profesionais cualificados con experiencia profesional no ámbito da unidade de competencia á que está asociado o módulo.

Segundo o Apartado IV do certificado de profesionalidade de Seguridade informática as prescricións para os formadores son as seguintes:

Módulos Formativos	Acreditación requirida	Experiencia profesional requirida no ámbito da unidade de competencia
MF0486_3: Seguridade en equipos informáticos (90 h.)	·Licenciado, Enxeñeiro, arquitecto ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes. · Diplomado, Enxeñeiro Técnico, Arquitecto técnico ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes.	1 ano
MF0487_3: Auditoría de seguridade informática(90 h.)	·Licenciado, Enxeñeiro, arquitecto ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes. · Diplomado, Enxeñeiro Técnico, Arquitecto técnico ou o título de grao correspondente ou outros	1 ano

	títulos equivalentes.	
MF0488_3: Xestión de incidentes de seguridade informática (90 h.)	·Licenciado, Enxeñeiro, arquitecto ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes. · Diplomado, Enxeñeiro Técnico, Arquitecto técnico ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes.	1 ano
MF0489_3: Sistemas seguros de acceso e transmisión de datos (60 h.)	·Licenciado, Enxeñeiro, arquitecto ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes. · Diplomado, Enxeñeiro Técnico, Arquitecto técnico ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes.	1 ano
MF0490_3: Xestión de servizos no sistema informático (90 h.)	·Licenciado, Enxeñeiro, arquitecto ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes. · Diplomado, Enxeñeiro Técnico, Arquitecto técnico ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes.	1 ano
FCOO03:Inserción Laboral, Sensibilización Medioambiental e na Igualdade de Xénero.	PRESCRICIÓN DOS FORMADORES -Titulación requirida: A requirida aos formadores da acción formativa á que vai vinculada. Formación en igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, sensibilización ambiental e orientación profesional ou na súa falta capacitación profesional equivalente. -Experiencia profesional requirida: A requirida aos formadores da acción formativa á que vai vinculada. -Competencia docente: Será necesario ter experiencia metodolóxica ou experiencia docente.	
FCOXXX05: Formación para a igualdade.	Segundo a ORDE do 7 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e procédese á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente aos exercicios de 2017 e 2018 (código de procedemento TR301K) ás persoas docentes encargadas da impartición do módulo de formación sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e corresponsabilidade familiar e doméstica deberán acreditar 150 horas de formación en materia de xénero ou de experiencia profesional ou docente en materia de xénero, séndolles de aplicación os mesmos criterios de equiparación da acreditación que se establecen no parágrafo anterior para as persoas docentes que impartan módulos dos certificados de profesionalidade	

3.6.- Competencia docente: deberá estar en posesión do certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou do certificado de profesionalidade de Seguridade informática ou formación equivalente

en metodoloxía didáctica de formación profesional para adultos ou experiencia docente. Deste requisito estarán exentos:

a. Os que estean en posesión das titulacións universitarias oficiais de licenciado en Pedagogía, Psicopedagogía ou de Mestre en calquera das súas especialidades, dun título universitario de graduado no ámbito da Psicoloxía ou da Pedagogía, ou dun título universitario oficial de posgrao nos citados ámbitos.

b. Os que posúan unha titulación universitaria oficial distinta das indicadas no apartado anterior e ademais se atopen en posesión do Certificado de Aptitude Pedagóxica ou dos títulos profesionais de Especialización Didáctica e o Certificado de Cualificación Pedagóxica. Así mesmo estarán exentos os que acrediten a posesión do Máster Universitario habilitante para o exercicio das Profesións reguladas de Profesor de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Escolas Oficiais de Idiomas.

c. Os que acrediten unha experiencia docente contrastada de polo menos 600 horas nos últimos sete anos en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo, na modalidade presencial.

3.7.- Capacidade funcional: Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

3.8.- As persoas con discapacidade serán admitidas en condicións de igualdade cos demais aspirantes, agás que a restrición padecida lles impida ou que resulte incompatible co desempeño das funcións propias da praza. O tribunal examinará e resolverá motivadamente estas peticións podendo solicitar o oportuno informe dos organismos competentes.

#### **Cuarta.- Forma e prazo de presentación das solicitudes.**

4.1.- Os interesados en tomar parte neste proceso selectivo terán que facelo constar en instancia, que será facilitada nas dependencias da Fundación Cultural da Estrada e na páxina web: [www.fundacioncultural.aestrada.com](http://www.fundacioncultural.aestrada.com) na que manifieste que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base terceira. Debe indicarse na instancia cada un dos módulos formativos aos que se opta.

4.2. A instancia (Anexo I) achegarase a documentación seguinte:

- Fotocopia cotexada do DNI.

Os aspirantes nacionais da Unión Europea ou nacionais de calquera dos Estados dos que en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, deberán presentar una fotocopia cotexada do documento de identidade ou pasaporte do seu país de orixe. As persoas ás que fai referencia o artigo 57.2 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, deberán presentar una fotocopia cotexada do pasaporte, do visado e, no seu caso, do resgardo de ter solicitada a correspondente tarxeta de identidade de estranxeiros ou do resgardo de ter solicitada a exención de visado e correspondente tarxeta de identidade de estranxeiros. De non ter solicitados estes documentos deberán presentar os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo de parentesco e unha declaración xurada ou promesa, do español ou do nacional doutro Estado Membro da Unión Europea, de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, no seu caso, do feito de que o aspirante é menor de vinte e un anos ou que sendo maior desa idade vive ás súas expensas.

- Fotocopia cotexada dos requisitos establecidos na base terceira.

- Currículo vitae.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados debidamente cotexados que se describen no apartado 7.1 fase concurso. Non se valorarán os méritos que non se acrediten debidamente.
- Memoria da actividade. (Ver apartado 7.2)
- Declaración responsable (Anexo II) de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade e de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos cargos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, e non estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Declaración de vinculación (Anexo II).
- Copia cotexada do Celga 4 ou equivalente.

A solicitude xunto coa documentación indicada poderá presentarse no rexistro da Fundación Cultural da Estrada ou nas demais oficinas públicas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de que a solicitude non se presente no rexistro da Fundación Cultural da Estrada deberá enviarse un correo electrónico ao enderezo [fundacioncultural@astrada.es](mailto:fundacioncultural@astrada.es) dentro do prazo de presentación de solicitudes, co documento acreditativo da súa presentación. Todos os correos electrónicos serán contestados para confirmar a súa recepción. Os candidatos poderán chamar ao teléfono 986570997 en horario de 9:00 a 14:00 para verificar a recepción do mesmo.

O prazo para a presentación das solicitudes será de tres días hábiles, desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria nun xornal de ámbito autonómico.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeran constar na súa solicitude, podendo unicamente solicitar a súa modificación no prazo sinalado para a presentación de solicitudes.

#### **Quinta.- Admisión dos aspirantes**

Para ser admitido será necesario que os aspirantes manifesten que reúnen os requisitos esixidos na convocatoria e presenten a documentación requirida conforme establecen as bases terceira e cuarta.

Rematado o prazo de presentación de instancias o Presidente da Fundación Cultural de A Estrada aprobará as listas provisionais de admitidos e excluídos para cada un dos postos con indicación das causas que motivan a exclusión, concedéndose un prazo de dous días hábiles para a corrección de erros. As listas de admitidos e excluídos publicaranse no taboleiro de anuncios da Fundación Cultural da Estrada e na páxina web [www.fundacioncultural.aestrada.com](http://www.fundacioncultural.aestrada.com).

Finalizado o prazo de corrección de erros, o Presidente da Fundación Cultural de A Estrada aprobará as listas definitivas de admitidos e excluídos que se publicarán no taboleiro de anuncios da Fundación Cultural da Estrada e na páxina web [www.fundacioncultural.aestrada.com](http://www.fundacioncultural.aestrada.com) determinando o lugar, a data e a hora do comezo dos exercicios.

#### **Sexta.- Tribunal Cualificador**

Os membros do Tribunal será designada por Decreto, no momento da aprobación da listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

Os membros do Tribunal deberán posuír igual ou superior titulación á esixida como requisito de acceso aos postos convocados.

O Tribunal poderá constituírse e actuar validamente cando se atopen presentes ao menos tres dos seus membros, precisándose en todo caso, a asistencia do Presidente e Secretaria.

Os acordos adoptaranse por maioría dos votos dos membros presentes e no seu caso o empate resolverase co voto de calidade do Presidente.

Os membros do Tribunal nos que concorra algunha das causas previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público deberán absterse de intervir notificando ao Presidente. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorra algunha das causas do artigo 23 da citada Lei. O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para todas ou algunha das probas.

#### **Sétima.- Procedemento de selección.**

O proceso selectivo efectuarase polo sistema de concurso-oposición.

O aspirante seleccionado para impartir o maior número de módulos formativos dentro da especialidade formativa, será tamén seleccionado como titor do módulo de prácticas profesionais non laborais. En caso de que se produza empate no maior número de módulos formativos dentro dunha especialidade, será seleccionado de entre eles o que imparta o maior número de horas dentro da especialidade. Se aínda así persistira o empate, aplicaranse os criterios de desempate establecidos segundo as calificacións acadadas no procedemento de concurso oposición.

#### **7.1 FASE DE CONCURSO. (máximo 10 puntos)**

##### **7.1.1. Titulación académica (máximo 1 puntos)**

Outras titulacións académicas esixidas polo certificado de profesionalidade, ou que, segundo o criterio do Tribunal, teñan relación co curso a impartir:

- Por cada titulación: 0,5 puntos.

Acreditarase mediante fotocopia cotexada dos títulos, ou certificados acreditativos.

Non se avaliará a titulación académica que se precisa como obrigatoria polo Certificado de Profesionalidade.

##### **7.1.2. Cursos realizados (máximo 2 puntos)**

Cursos impartidos relacionados directamente cos contidos do certificado de profesionalidade IFCT0109 Seguridade Informática e de competencia docente sempre que fosen impartidos por Administracións Públicas ou organismos dependentes das mesmas.

- Cursos de 20 a 49 horas lectivas: 0,10 por cada curso

- Cursos de 50 a 99 horas lectivas: 0,20 por cada curso

- Cursos de 100 a 250 horas lectivas: 0,30 por cada curso
- Cursos de máis de 250 horas: 0,60 por cada curso.

Acreditarase mediante documentación xustificativa cotexada da realización dos cursos, na que conste con suficiente claridade, a súa duración en horas e o seu contido básico.

Non se avaliará a formación que se precisa como obrigatoria polo Certificado de Profesionalidade.

### **7.1.3. Experiencia Profesional (máximo 3 puntos)**

Experiencia profesional no exercicio da profesión. Non se avaliará o tempo de traballo que fose acreditado para suplir a carencia das titulacións nin o que se precisa como obrigatorio polo Certificado de Profesionalidade:

- Por cada mes traballado: 0,10 puntos.

A experiencia profesional acreditarase de acordo co seguinte detalle:

- Traballadores asalariados:

- Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social, do Instituto Social da Mariña ou da mutualidade á que estiveran afiliados, onde conste a empresa, a categoría laboral (grupo de cotización) e o período de contratación.

- Contrato de traballo ou certificación da empresa onde tiveran adquirido a experiencia laboral, na que conste especificamente a duración dos períodos de prestación do contrato, a actividade desenvolvida e o intervalo de tempo no que se realizou a actividade.

- Traballadores autónomos ou por conta propia:

- Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social, do Instituto Social da Mariña ou da mutualidade á que estiveran afiliados, na que se especifiquen os períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial correspondente, a descrición da actividade desenvolvida e o intervalo de tempo no que se realizou a mesma.

- Traballadores voluntarios ou bolseiros:

- Certificación da organización ou empresa onde tiveran prestado a asistencia na que consten, especificamente, as actividades e funcións realizadas, o ano no que desenvolveron a actividade e o número total de horas adicadas ás mesmas.

### **7.1.4. Experiencia Docente (máximo 4 puntos)**

- Por cada hora de formación para o emprego impartida na mesma especialidade na que concursa: 0,002 (máximo 3 puntos)

- Por cada hora de formación para o emprego impartida doutra especialidade da mesma familia profesional: 0,001 (máximo 1 punto)

A experiencia acreditarase coa mesma documentación que a detallada no caso da acreditación da experiencia profesional, e ademais con documentación xustificativa da formación impartida: denominación do curso, módulo ou unidade de competencia así como as horas e as datas.

## **7.2 FASE DE OPOSICIÓN (máximo 15 puntos)**



Consistirá na defensa durante un período máximo de 15 minutos, dunha memoria que versará sobre a programación de cada unha das unidades de competencia do certificado de profesionalidade, dirixida a un grupo de 15 alumnos/as. A memoria deberá presentarse xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, e terá unha extensión non superior a 10 páxinas, por módulo formativo, en formato A4 a unha cara con letra Arial 10, redactada en lingua galega.

Ao finalizar a defensa da memoria por parte da persoa aspirante, os membros da Tribunal poderán facer todas as preguntas que considere oportunas para constatar os coñecementos sobre a materia e as aptitudes da persoa candidata para poder proceder posteriormente a súa avaliación.

Valorarase o contido e adecuación da programación, as aptitudes e a claridade na exposición e os coñecementos sobre a materia.

Para superar a fase de oposición é preciso acadar unha puntuación mínima de 7,5 puntos.

As persoas aspirantes que non demostren o coñecemento da lingua galega a través do correspondente certificado (Celga 4 ou equivalente), terán que realizar obrigatoriamente unha proba específica que demostre tal coñecemento. Quedarán exentos/as, así mesmo, de realizar a proba específica os/as aspirantes que opten por realizar o exercicio na lingua galega.

As restantes persoas aspirantes terán que realizar unha tradución do castelán ao galego, nun tempo máximo de 10 minutos. Sendo a calificación de apto ou non apto.

#### **Oitava. Desenvolvemento do proceso selectivo**

8.1. Os aspirantes serán convocados, provistos do seu D.N.I. para o exercicio en chamamento único, sendo excluídos da oposición os que non comparezan. A non presentación dun aspirante ao exercicio determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar no mesmo, quedando excluído, en consecuencia, do procedemento selectivo.

8.2 A puntuación final de cada aspirante estará determinada pola suma total das puntuacións obtidas en cada apartado do concurso-oposición. O Tribunal publicará na paxina web da Fundación Cultural da Estrada ([www.fundacioncultural.aestrada.com](http://www.fundacioncultural.aestrada.com)) o resultado do concurso-oposición, ordenando aos aspirantes por orde de puntuación. No caso de producirse empate na puntuación final, a orde na relación farase de acordo cos seguintes criterios de aplicación sucesiva no caso de persistir o empate: en primeiro lugar o que acade maior puntuación na fase de concurso e de persistir o empate teranse en conta os mellores resultados na fase de oposición.

8.3 A puntuación final de cada posto determinará a orde das propostas ao Departamento Territorial da Consellería Economía, Emprego e Industria para que proceda a súa validación como docente, de xeito que o aspirante que acade a maior puntuación será proposto en primeiro lugar.

#### **A contratación dos/as candidatos/as seleccionados/as estará supeditada á validación dos candidatos/as por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria.**

**Se por calquer circunstancia a entidade anulase a actividade formativa, quedará sen efecto este proceso selectivo e non se procederá á contratación do persoal docente.**

#### **Novena.- Presentación de documentación e resolución de contratación.**

Os candidatos seleccionados terán que presentar na Fundación Cultural da Estrada, dentro dos tres días hábiles dende a publicación dos resultados definitivos os documentos que a continuación se relacionan:

- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade que imposibilite o desempeño das funcións propias do posto.

- Certificado de conta bancaria da que sexa titular o aspirante coa finalidade de proceder ao aboamento das nóminas.

- Número de afiliación a Seguridade Social no caso de posuílo.

No caso de que un candidato sexa proposto para varios módulos presentará esta documentación só unha vez.

Se dentro do prazo indicado, agás caso de forza maior, os aspirantes propostos non presentaran a documentación e/ou non acadaran a validación polo Departamento Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, os aspirantes non poderán ser contratados e serán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na instancia. Neste caso formularase proposta adicional a favor de quen lle siga na orde de puntuación, sempre que superara as probas esixidas.

#### **Décima. Lista de reserva.**

Crearase unha lista de reserva cos aspirantes que superaron o exercicio para cada un dos postos. A orde na bolsa determinarase polas puntuacións acadadas no procedemento e de acordo coa proposta efectuada polo Tribunal e que fóra validado como docente polo Departamento Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Esta listaxe terá vixencia durante o tempo de duración da especialidade formativa á que se opta.

#### **Undécima. Incidencias.**

O Tribunal Cualificador queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do concurso – oposición en todo o non previsto nestas bases.

Os interesados poderán impugnar a presente convocatoria e as bases, así como todos os actos administrativos que se deriven dela nos casos e na forma establecida na Lei de Procedemento Administrativo.

A Estrada, 8 de setembro de 2017

O Presidente da Fundación Cultural de A Estrada

Asdo. José C. López Campos

**ANEXO I**

**SOLICITUDE**

**AO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN CULTURAL DE A ESTRADA**

Para participar no proceso de selección de persoal docente para impartir a Especialidade formativa AFD 2017-2018 IFCT0109 Seguridade Informática

SOLICITANTE: \_\_\_\_\_

D.N.I.: \_\_\_\_\_ TELÉFONO: \_\_\_\_\_

DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN: \_\_\_\_\_

CORREO ELECTRÓNICO: \_\_\_\_\_

Enterado do proceso convocado pola Fundación Cultural da Estrada para a selección de docentes para o curso Seguridade Informática,

**EXPOÑO:**

1º.- Que desexo tomar parte no proceso selectivo convocado.

2º.- Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria para o desempeño do mencionado posto de traballo.

3º.- Que xunto a seguinte documentación:

	Fotocopia cotexada do D.N.I.
	Fotocopia cotexada da titulación esixida
	Fotocopia cotexada da titulación esixida en competencia docente
	Fotocopia cotexada dos méritos alegados
	Documentación que acredite a experiencia docente segundo as bases
	Fotocopia cotexada da documentación acreditativa do Celga 3
	Memoria
	Anexo I
	Anexo II

**SOLICITO:**

Ser admitido/a ao proceso selectivo con acatamento expreso das bases da convocatoria, nos seguintes postos:

	<b>POSTO</b>
	1 docente para impartir o módulo MF0486_3: Seguridade en equipos informáticos (90 h.)
	1 docente para impartir o módulo MF0487_3: Auditoría de seguridade informática (90 h.)
	1 docente para impartir o módulo MF0488_3: Xestión de incidentes de seguridade informática (90 h.)
	1 docente para impartir o módulo MF0489_3: Sistemas seguros de acceso e transmisión de datos (60 h.)
	1 docente para impartir o MF0490_3: Xestión de servizos no sistema informático (90 h.)
	1 docente para impartir o módulo MP0175: Módulo de prácticas profesionais non laborais (80 h.)
	1 docente para impartir o módulo FCOO03: Inserción Laboral, Sensibilización Medioambiental e na Igualdade de Xénero (10 h)
	1 docente para impartir o módulo FCOXXX05: Formación para a igualdade (8 h)

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 2017

Sinatura:

**ANEXO II**

**DECLARACION RESPONSABLE**

D./D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_

Con DNI: \_\_\_\_\_

E domicilio en \_\_\_\_\_

DECLARO:

- Que non estou incurso/a en causa de incompatibilidade ou incapacidade e que non teño sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, e non estou inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
- No caso de ser nacional doutro Estado, non estou inhabilitado/a ou en situación equivalente nin estou sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no meu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Que SI  NON  estou vinculado coa entidade que convoca o proceso selectivo ao que me presento.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 2017

Sinatura: